

CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 25 de novembro de 2024, adoptouse o acordo seguinte:

**"Punto 4.- Aprobación, se procede, da concesión de subvención nominativa por razóns excepcionais de xeito humanitario ó Fondo Galego de Cooperación"**

"Ante as inundacións acontecidas nos campos de refuxiados saharauís, tras as intensas choivas acontecidas nos días 22 e 23 de setembro, a Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade aprobou, de xeito extraordinario, a apertura dunha campaña de axuda humanitaria destinada a paliar os efectos das recentes inundacións nos campos de refuxiados saharauís. A campaña se denomina: "Riadas de Solidariedade".

Por tanto, o cometido da campaña será o de aglutinar as achegas das administracións locais de Galicia que teñan vontade en contribuír a apoiar á poboación saharauí nos campamentos de Tindouf, para a subsanación dos estragos ocasionados polas cheas.

Neste contexto, dende a ONGD Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, en colaboración coa Media Lúa Vermella Saharauí e o Ministerio de Cooperación da RASD, solicitan do Fondo Galego de Cooperación actuar con rapidez para proporcionar toda a asistencia humanitaria posible que cubra as necesidades máis inmediatas:

- Rehabilitación das infraestruturas: vivendas e de servizos básicos.
- Distribución de víveres básicos e produtos de primeira necesidade.
- Saneamento dos espazos e a subministración de medicamentos e bens primarios esenciais.

Dende a dirección técnica do Fondo solicitaron que calquera concello ou deputación que teña interese en cooperar co Sáhara debe comunicalo antes do 30 de novembro, indicando a cantidade económica que vai a achegar desde o seu concello/deputación. Nos indican que todas as achegas, independentemente do importe, son valiosas. O Concello de Oleiros considera unha achega de 5.000 € para esta campaña, co fin de sumar en colaboración coas demais entidades locais que se incorporen a este proxecto, o maior número de cartos posibles para poder facer o maior número de accións concretas que permitan paliar os efectos das choivas. Ten que terse en conta unha maior sensibilidade con este tema, dados os efectos palpables do cambio climático, que se observan en todas as partes do mundo, se cabe os esforzos de axuda a territorios que xa son climatolóxicamente desfavorecidos durante todo o ano son máis importantes, e non nos debemos esquecer de colaborar neses lugares.

O importe da achega que fará o Concello de Oleiros ascende a 5.000 euros.


Proponse conceder unha axuda de 5.000 euros, polo que o coeficiente de financiamento do proxecto se fixa no 100%.

En canto ao marco normativo da presente proposta, compre destacar que o outorgamento de calquera clase de axuda ou subvención ten que axustarse ao regulado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Así, o artigo 22 da dita lei establece que o procedemento ordinario para a concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos Orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas para as que o seu outorgamento o contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, as cales seguirán o procedemento de concesión que resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.





CONCELLO DE  
OLEIROS

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A característica fundamental deste procedemento de concesión directa, aplicable unicamente aos supostos previstos na Lei e enumerados anteriormente, é a non esixencia do cumprimento dos principios de publicidade e concorrencia.

Polo tanto, en base ao citado precepto e considerando os motivos sociais e humanitarios presentes nesta proposta, o Concello de Oleiros ten a ben tramitar a concesión dunha subvención directa a favor do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, con CIF. G-15629629, para o financiamento do citado proxecto.


En canto ao prazo e a forma de xustificación da presente axuda, así como calquera outra aspecto concernente á presente axuda, estarase ao regulado na Ordenanza reguladora das bases de subvencións do concello de oleiros, así como no artigo 28 das bases de execución do orzamento.

En base ao exposto anteriormente, e tendo en conta os motivos de carácter social que xustifican o outorgamento desta axuda, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.- Conceder** ao beneficiario que se sinala a continuación a seguinte **subvención directa** por razóns excepcionais de xeito humanitario:

1. Beneficiario: **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, con CIF G15629629.
2. Obxecto da subvención: Execución do proxecto denominado “Riadas de Solidariedade”, destinada a paliar os efectos das recentes inundacións nos campos de refuxiados saharauís.
3. Importe da axuda concedida: 5.000 euros.
4. Porcentaxe da subvención respecto ao custo total do proxecto (Coeficiente de financiamento): 100%. O Concello de Oleiros achegará a dita porcentaxe sobre o gasto executado, ata un importe máximo de 5.000 euros.
5. Aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto: 2024.51.929.48900 denominada Órganos de goberno. Fondo Municipal de Cooperación
6. Prazo de execución do proxecto: 5 meses, contados desde a notificación ao interesado do presente acordo.
7. Prazo de xustificación da axuda: 6 meses desde a notificación ao interesado do presente acordo. Este prazo poderá ser obxecto de prórroga, no caso de por causas imprevistas e debidamente xustificadas, o proxecto non se puidese executar e xustificar en prazo.
8. Forma de xustificación: A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
  - Unha memoria na que se detalle o traballo realizado así como o estado actual do proxecto obxecto de subvención.
  - Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e mediante as que se acredite o uso dos fondos concedidos, as cales deberán axustarse ao proxecto presentado.
9. A presente subvención é compatible con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras administracións públicas, entes públicos ou privados ou de particulares.
10. Toda alteración de las condiciones tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos, pode supoñer a modificación da resolución de concesión. Especialmente en cuanto a que a concorrencia de subvencións ou ingresos no superen el coste de la actividad.
11. O beneficiario asume a obriga de someterse as actuacións de comprobación e control financeiro.
12. Pagamentos anticipados: Acórdase realizar un pagamento anticipado do 100% no presente exercicio, logo da aceptación por parte do beneficiario da axuda concedida.
13. O beneficiario deberá facer constar a colaboración do Concello de Oleiros para o financiamento do proxecto, mediante sinalización, rótulos ou calquera outra medida indicada polo Concello.





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

No relativo a calquera outra aspecto concernente á presente axuda, estarase ao regulado nas Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros así como nas bases específicas de financiamento de programas de cooperación ao desenvolvemento que se integran nas Bases de Execución do Orzamento.

A solicitude da presente subvención conleva a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos. Non obstante, de ser o caso, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable conforme non está obrigado a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren as obrigas reguladas nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.-** Autorizar e dispor un gasto por importe de 5.000 euros a favor da entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, con CIF. G15629629, pola concesión da axuda sinalada no apartado anterior.

**Terceiro.-** Requirir aos interesados para que no prazo de un mes presenten a aceptación da subvención concedida.

Xunto co dito acordo deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificación bancaria do número de conta do beneficiario na que desexa que se abonen os fondos derivados do presente acordo.

**Cuarto.-** Notificar ao interesado e aos departamentos de Intervención e Contabilidade o outorgamento da concesión da subvención sinalada no apartado anterior.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

